

COMUNICADO Nº 065/21
6 DE MAIO DE 2021

□ NOTA DE PRENSA:

En referencia ó comunicado publicado o día de hoxe pola Xunta Directiva da Escudería Berberecho, (<http://www.ralinoia.es/06-05-21-comunicado-xxxvi-rali-berberecho-de-noia/?fbclid=IwAR3yglL4KHLwc9ctvLz-9h63Jgt0xx6FfU8pcbD9eom-az2B7IWE375F4as>) temos que clarear as dúbidas suscitadas no mesmo por non axustarse a realidade.

O Presidente da Escudería Berberecho agora desdícese, e sembra dúbidas faltas de toda rigurosidade; cando informa na súa web que o “36º Rali Berberecho de Noia” “Suspendido” (<http://www.ralinoia.es/11-04-21-comunicado-xxxvi-ralinoia/>) e tamén nas súas redes sociais ([adxúntase documento](#)). * [Para velo pincha enriba](#)

A posterior Don Jose Javier Rodríguez púxose en contacto en días pasados con esta Federación, e informou que o “RALI” non se podía facer nos meses de final de 2021 pola proximidade co mes de abril de 2022, e porque o Excmo. Concello de Noia lles comunicara que os sacara de presupostos, e que os pasaba a remanente, o que non lles garantiza o percibo da subvención de 2021.

A Federación Galega de Automobilismo asina contratos con multinacionais, en base a un calendario de nove rallyes, e ten que activarse para cubrilas baixas non desexadas por todos, cousa que se fixo exitosamente como é a súa obriga.

Pese a todo, dende este comunicado, queremos tranquilizar ós seareiros, deportistas, e Comité Organizador do “36º Rali Berberecho de Noia 2022”, de que o vindeiro mes de abril de 2022 queda reservado para a “Escudería Berberecho” para calendar na vindeira Asemblea de datas, e así facelo rallye se o estiman oportuno para os seus intereses.